

Carmela

Carmela é unha moza pobre, case de pedir, pero tan feita, tan bonita e tan alegre que todos querían estar á súa beira. Cando saía amañada para ir á misa ou ó rosario daba gusto vela: co pelo tan negro marcándolle ondas ós lados da cara e recollido nun periquete, co seu vestido floreado facéndolle unha cinturiña que cabía nunha manchea. Por se iso fose pouco, cando ela cantaba todo o mundo calaba. «Que graza ten!», dicían os que a escoitaban. Non había foliada sen ela, porque Carmela coa pandeireta e co ben que entoaba as cantareas, abondaba para facer a mellor ruada de toda a redonda. Cando volvían das romarías, o camiño facíase máis curto escoitándoa. «¡Viva tu gracia morenal!», berrábanlle os de Ribadesa dende as ventás ó seu paso.

Das corenta mozas que hai na parroquia de Cabanelas ela é a máis apreciada. Todo son loanzas. Así e todo, dicían, se a súa nai levantase a cabeza moi contentiña había de estar.

Sempre houbo mozos que quixeron andar con ela, pero nunca atendeu a máis ninguén que a Rafael.

Era tan bonita e tan honesta que, a pesar da súa pobreza, todos a consideraban merecedora de casar cun fillo de Varela de Foxas.

Tan romántica semellaba aquela relación que era normal pensar que ese amor sería eterno. Dende os dezasete anos ela e os vinte e un el, andaron sempre xuntos; non había romaría en que Rafael non estivese con ela xa dende o paseo da tarde.

Cando tocaban os gaiteros, todas as mozas seguían os puntos que ela sacaba. Era a raíña. Bailaba coma se non tocase cos pés no chan. El, o de Varela, que sempre foi algo torpe para o baile, agardaba de pé sen sacarlle os ollos de riba. Víase tan fachendoso, tan contento de ter a moza máis bonita de Cabanelas, que non quería perder un minuto de ollala. É coma se tivese medo de que outros lla quitasen.

Ó rematar as romarías, a ruada, o rosario... o que fose, acompañábaa ata a porta da casa. Xamais a deixaba soa.

Non había xoves que non fose, contra a noitiña, estar con ela de parranda un bo anaco. Todo o mundo o sabía, porque, cando marchaba, metíalle un galope á besta que as ferraduras soaban nas pedras do camiño coma os tronos no ceo. Por iso tamén todos sabían que había dous meses que deixara de vir.

Ela, pouco a pouco, foi deixando de cantar. Cando estaba coas vacas ou na verdura, as súas cantareas escoitábanse ó lonxe; pero xa non, vai e vén polos camiños en silencio, coma unha muller de corenta anos. Cambiou, xa non é a de antes, vese triste e algo murcha, coma se tivese unha sombra con ela.